

**PROTOCOLO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO, A FEDERACIÓN
GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS, O COLEXIO OFICIAL DE AXENTES DA
PROPIEDADE INMOBILIARIA DA CORUÑA E O COLEXIO DE ADMINISTRADORES DE
FINCAS DE GALICIA PARA A DIFUSIÓN DA PLATAFORMA DE NÚCLEOS RURAIS EN
ESTADO DE ABANDONO**

En Sober, a 25 de xuño de 2021

REUNIDOS


Dª. Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en virtude da atribucións que lle confire o Decreto 94/2018, do 26 de setembro, do seu nomeamento (DOG núm. 185, do 27 de setembro), na súa calidade de Presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS), con NIF nº Q65.500.04C e domicilio en Santiago de Compostela (A Coruña), Polígono de Fontiñas, Área Central, s/n; a citada representación venlle conferida en virtude do artigo 4 do Decreto 97/2014, de 24 de xullo, que establece a estrutura orgánica do citado organismo autónomo (DOG nº 147, do 5 de agosto).

D. Alberto Varela Paz, Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante, Fegamp), exercendo as atribucións que os estatutos lle confiren por razón do seu cargo.

D. Herminio Carballido Rey, Presidente do Colexio Oficial de Axentes da Propiedade Inmobiliaria da Coruña, en representación do dito colexio.

D. Jesús Iglesias Casas, vocal da xunta de goberno do Colexio de Administradores de Fincas de Galicia, en representación do dito colexio.

As partes declaran a plena vixencia das facultades coas que actúan e recoñécense capacidade legal suficiente para outorgar o presente protocolo e



**MANIFESTAN**

I. O IGVS é o organismo autónomo adscrito á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenza, encargado de realizar a política de vivenda e solo da Xunta de Galicia, co fin de garantir os dereitos constitucionais a una vivenda digna e adecuada, segundo dispón o artigo 3 da Lei 3/1988, de 27 de abril de creación do IGVS, podendo, para o cumprimento destes fins, establecer convenios con entes públicos ou privados.

II.- A Fegamp é unha asociación constituída por todos os concellos de Galicia, as Deputacións Provinciais e as entidades menores existentes na Comunidade Autónoma de Galicia. Segundo o establecido nos seus estatutos, a Fegamp é o interlocutor, en representación dos asociados, ante a Administración, o Parlamento e o Goberno Autonómico Galego. No exercicio das atribucións que ten conferidas para o cumprimento dos seus fins estatutarios, a Fegamp goza de plena capacidade para subscribir convenios e contraer compromisos e obrigas.

III. Entre as funcións do Colexio de Administradores de Fincas de Galicia está a posta ao día dos seus membros mediante circulares, charlas, cursos, e a través da revista "O Administrador". Así mesmo, o colexiado ten o asesoramento dos servizos do Colexio (Xurídico, Administrativo, ...)

IV. Entre as funcións do Colexio Oficial de Axentes da Propiedade Inmobiliaria da Coruña está a de prestar a súa colaboración coa Administración Pública.

V. A Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, nos seus artigos 62 e seguintes regula a declaración de núcleo rural en estado de abandono, o rexistro destes núcleos e un procedemento de venda o alugueiro, de carácter voluntario para os propietarios dos inmobilés, así como a súa difusión a nivel autonómico a través da creación dunha plataforma informática, creada polo IGVS, que poñerá á disposición dos concellos para que se inclúan os datos dos rexistros municipais co fin de difundir os procedementos públicos de venda dos inmobilés incluídos nestes rexistros. O acceso aos datos da plataforma será público coa finalidade de que calquera persoa os poida consultar e obter a información dos procedementos incluídos nela.

VI. Seguindo o mandato legal o IGVS deseñou e elaborou a plataforma de núcleos rurais en estado de abandono, que pon a disposición dos concellos, e considera necesario difundila a través da FEGAMP e dos Colexios asinantes por entender que é imprescindible que os concellos coñezan esta ferramenta e que debe contarse coa colaboración dos profesionais da intermediación inmobiliaria, pola súa experiencia nos procedementos de venda e alugamento de inmobilés.

Polas razóns expostas, as partes comparecentes acordan formalizar o presente protocolo que levan a efecto en virtude dos seguintes

ACORDOS

Primeiro.- Obxecto

De conformidade co anterior o IGVS, a FEGAMP, o Colexio de Administradores de Fincas de Galicia e o Colexio Oficial de Axentes da Propiedade Inmobiliaria da Coruña desenvolverán as medidas oportunas para difundir a plataforma de núcleos rurais abandonados entre os concellos e profesionais da intermediación inmobiliaria, coa finalidade última de acadar a recuperación destes núcleos, mediante a rehabilitación dos inmobilés, e de dáralles unha nova vida a través da reactivación demográfica.

Segunda.- Compromisos do IGVS

O IGVS comprométense a realizar as seguintes actuacións:

- Por a disposición dos concellos a plataforma de núcleos rurais abandonados creada, a tal efecto, por este organismo.
- Incorporar un enlace na súa páxina web co obxecto de que as persoas interesadas podan acceder á plataforma.
- Realizar actuacións de difusión pública co obxecto de dar a coñecer a existencia da plataforma e fomentar a súa utilización por parte das persoas interesadas.

Terceira.- Compromisos da FEGAMP

A FEGAMP comprométense a difundir a existencia da plataforma entre os concellos de Galicia, recollendo as propostas de mellora que realicen, se o consideran oportuno, e dando traslado das mesmas ao IGVS

Cuarta.- Compromisos dos Administradores de Fincas de Galicia e de Axentes da Propiedade Inmobiliaria

Os colexios oficiais de Administradores de Fincas de Galicia e de Axentes da Propiedade Inmobiliaria da Coruña comprométense a realizar as seguintes actuacións:

- Dar a coñecer a existencia desta plataforma aos seus colexiados aos efectos de que podan incorporar os inmobilés que xestionen aos procedementos de venda e alugamento, se o consideran oportuno.
- Realizar actuacións de difusión pública co obxecto de dar a coñecer a existencia da plataforma e fomentar a súa utilización por parte das persoas interesadas.

Quinta.- Comisión mixta de seguimento

Coa finalidade de garantir a consecución do obxectivo descrito e de asegurar unha coordinación efectiva, constituirase unha comisión integrada por un representante de cada unha das partes asinantes, cos seguintes cometidos:

- Seguimento das actuacións realizadas ou propostas.
- Formular as melloras que se consideren procedentes para lograr o obxectivo deste protocolo.

Sexta.- Réxime xurídico

De conformidade co previsto no artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, o presente protocolo terá carácter de mera declaración de intencións e non xerará obrigas económicas nin xurídicas nas partes que interveñen.

As partes asinantes son conscientes de que no presente documento non poden recollerse plenamente os compromisos que engloba a realización do seu obxecto, polo que se comprometen expresamente a desenvolver, a través da formalización dos instrumentos que

en dereito procedan, aquellas actuacións necesarias para a súa consecución de conformidade coa normativa vixente.

Sétima.- Promoción e difusión


As partes poderán participar, no seu caso, na promoción e difusión das actividades e dos resultados obtidos como consecuencia da execución deste acordo mediante as publicacións correspondentes nas súas páxinas web e demais medios de comunicación.

Oitava.- Vixencia

O presente acordo terá unha vixencia dun ano, a contar desde a súa sinatura, podendo prorrogarse por un período igual, mediante acordo expreso das partes adoptado con polo menos un mes de antelación ao seu vencemento.


Novena.- Protección de datos persoais

Na posta en marcha das accións específicas consecuencia das vontades que se recollen neste protocolo, as partes comprométense a tratar os datos persoais que foran postos no seu coñecemento, únicamente coa finalidade e alcance de executar o establecido nel, respectando os requisitos establecidos no Regulamento (UE) 2016/679 do parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e na súa normativa de desenvolvemento.



En proba de conformidade, asínase o presente protocolo.

Polo Instituto Galego da Vivenda e Solo




Ángeles Vázquez Mejuto

Pola Federación Galega de Municipios e
Provincias



Alberto Varela Paz

Polo Colexio de Administradores
de Fincas de Galicia



D. Jesús Iglesias Casas

Polo Colexio Oficial de Axentes da Propiedade
Inmobiliaria da Coruña



Herminio Carballido Rey